

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA ORDENANZA DENOMINADA: Ordenanza reguladora da xestión de biomasa e das actividades forestais no termino municipal de Narón

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

Ordenanza reguladora da xestión de biomasa e das actividades forestais no termino municipal de Narón

Coa súa promulgación preténdese adaptar a ordenanza municipal actualmente en vigor á normativa autonómica en materia de prevención de incendios forestais e de montes.

Resulta oportuno e necesario contar con esta regulación en aras a dar cumprimento ao mandato legal establecido nesas normas de regular a xestión da biomasa nos solos de competencia municipal (solo urbano, solo urbanizable e solo de núcleo rural), así como actualizar a ordenanza en vigor publicada o 3 de xuño de 2000.

Son obxectivos da disposición establecer os criterios de xestión de biomasa nos solos de competencia municipal así como regular nestes solos tanto as repoboacións como as plantacións existentes. É tamén obxecto desta ordenanza a conservación dos camiños e vías rurais, con motivo da execución de talas e cortas de madeira, así como a protección dos viais de acceso e demais infraestruturas anexas aos lugares da tala mediante a regulación das actividades forestais; estimándose a aprobación desta norma como unha correcta e imprescindible solución regulatoria a fin de acadar os obxectivos previstos desde a óptica da

menor intervención na esfera dos dereitos da cidadanía, destinataria última do actuar desta administración.